



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE XANEIRO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día trinta de xaneiro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (28/11/2016 e 21/12/2016).

Dáse conta así mesmo da acta da sesión ordinaria celebrada o pasado vinte e oito de novembro, que logo de facer a corrección que de seguido se indica, é aprobada por unanimidade dos asistentes:

No punto terceiro da intervención de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE debe dicir: “ Sácano de inversións. Vostede di que non se deixan de facer obras. Hai algunhas que son verdadeiramente urxentes. Agora que vén o novo POS dotado con 600.000 €, a ver que fan con eses cartos. Espero que lle dean saída a algunha infraestrutura de verdade urxente neste concello que levan anos esperando. Refírome a inversións en saneamento, como por exemplo o colexio de Vedra que debe ser o único colexio da provincia que segue traballando con pozo negro. É unha vergonza entrar neses aseos e ver como cheiran. Xa sei que vén de moi longo, pero vostede leva cinco anos e medio e tampouco fixo nada. Seguimos cubrindo os gastos doutras administración a conta das inversións que nos fan falta a nós nas nosas infraestruturas. O noso voto vai ser en contra”



Dáse conta da acta da sesión do día vinte e un de decembro de dous mil dezaseis que logo de facer as correccións que de seguido se indican, é aprobada por unanimidade dos asistentes:

No punto dous na intervención de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE debe dicir: “ Vostede fala da xestión dos anos que gobernou o noso partido se pagaban máis intereses de préstamos. Será porque se pediron créditos para face investimentos, para pór en marcha servizos, algo do que estamos bastante carentes xa dende a anterior lexislatura. Non esquecemos que todo o que veu do PAI deste ano foi para amortizar unha débeda, que se supón que se vai pagar a interese cero, que acaban de dar unha carencia e mesmo estamos soñando que non imos ter que devolve-lo.

Por outro lado, fala do POS PLUS que imos recibir menos cartos porque hai unha serie de plans que se suprimen. Eu entendo que non se suprimen. Teño aquí unha serie de subvencións que se manteñen no ano 2017. Redúcese o número de plans de cooperación, efectivamente cultura, deportes, promoción económica, turismo, desenvolvemento, servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo. Redúcese o número de plans, pero non quere dicir que non vaia haber subvención para este tipo de cousas. Estarán incluídas no POS. E hai unha serie deles que se manteñen: normalización lingüística, socorristas, piscinas e praias fluviais, informadores turísticos, limpeza de praias, patrimonio, persoal museos, animadores culturais, festivais musicais e audiovisuais, artes escénicas, conservatorios, escolas de música, técnicos deportivos. Non diga que se suprimen, porque polos datos que eu teño, non é así.

A parte do POS PLUS (POS, PAS e PAI), vostede non sumou as que se manteñen.”

No apartado de rogos e preguntas, na segunda pregunta referida Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE debe dicir: “ A canto ascende o gasto na obra dun camiño de Pousada? Cal é a finalidade? Porque se nos poñemos a empedrar corredoiras imos ter que pedir préstamos importantes. Van alá 6.200 € en facturas de material. Hai pistas con máis necesidade de asfaltar”

Na cuarta pregunta debe dicir: “Na Xunta de Goberno hai unha resolución da alcaldía por apertura de oco na estación de ferrocarril de Santa Cruz adxudicada a Roberto Vales. A que se debe esa apertura de oco? Agora mesmo hai alí dúas obras do PAS.

2º.- Aprobación, se procede de recoñecemento extraxudicial de créditos nº1/2017.

Dáse conta do informe favorable da Comisión de Economía e Especial de Contas do vinte e tres de xaneiro de dous mil dezasete no que se dá conta da relación de facturas por importe de 27.697, 04 € emitidas por servizos efectivamente prestados e por dereitos debidamente adquiridos polos terceiros relacionados en anos anteriores ao actual e indicados en cada caso, pero que foron presentadas extemporaneamente no rexistro contable de facturas nos exercicios 2016 e 2017.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que estamos a principios de ano e todos os exercicios se producen este tipo de movementos. Entendemos que ás empresas que prestan servizos hai que pagarlles. Á Asociación de Veteranos pedíuselle explicacións e aceptan as razóns que lle deron. Non así no caso de SIRTELCO, xa que non entenden esa tardanza.

Sométese a votación o recoñecemento de crédito e o Pleno con once votos a favor do PP e do PSdG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA, acorda aprobalo.



3º.- Aprobación, se procede de recoñecemento extraxudicial de créditos nº2/2017.

Dáse conta do informe favorable da Comisión de Economía e Especial de Contas do vinte e tres de xaneiro de dous mil dezasete no que se dá conta da relación de facturas por importe de 30.411,89 €. facturas emitidas polos terceiros relacionados por servizos prestados e subministros realizados no ano 2016 e presentadas no rexistro contable no mes de decembro, pero que, a fin de exercicio quedaron pendentes de aprobación debido á insuficiencia de crédito nas aplicacións correspondentes e aplicar ao exercicio orzamentario vixente as correspondentes obrigas.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que este segundo recoñecemento non deixan de ser facturas ordinarias. Polo tanto acusamos unha falta de previsión. Entramos no orzamento deste ano que aínda non foi presentado por vostedes cun lastre de 60.000 €. O ano pasado foron 22.000 €. O seu grupo votará a favor porque hai que pagar pero entrar cun lastre así non é bo.

O Sr. Castro Rocamonde fai unha pregunta que di: Por que non se aprobaron na Xunta de Goberno do mes de decembro?

A Presidencia respóndelle que a explicación xa se dou na propia comisión. Non había crédito presupostario nin marxe temporal para aprobalas. Si había marxe económica porque é probable que se cerre o ano cun superávit de máis de 200.000 €. Era unha cuestión de tempo de poder preparar os expedientes de modificación de créditos para podelas aprobar e pagalas.

Sométese a votación o recoñecemento de crédito e o Pleno con once votos a favor do PP e do PSdG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA, acorda aprobalo.

4º.- Aprobación, se procede do prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a adxudicación do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar (SAF).

Dáse conta do informe da Comisión de Economía e Especial de Contas do vinte e tres de xaneiro de dous mil dezasete do prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos de axuda no fogar, suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación.

O Sr. Lema Mougán do PP di que a CIG presentou un informe sobre este tema no que manifesta discrepancias cos datos do concello. Entendemos que os datos elaborados polos funcionarios axústanse á corrección. Examinarémolo e se houbese algún erro ou eiva, solucionarase durante o procedemento.

En canto ao tema da externalización do servizo do SAF tal e como se lle informou aos sindicatos nas correspondentes reunións así como aos partidos políticos nas distintas comisións traemos ao pleno a externalización completa do servizo do SAF.

No ano 2011 collemos este servizo do SAF totalmente externalizado con cinco traballadoras que pertencían ao persoal do concello e que foron subrogadas.

Recollemos o servizo externalizado con múltiples problemas de xestión derivados das “variopintas” contratacións que tiñan estas traballadoras.

Recórdolles que cinco persoas que facían o mesmo traballo había tres salarios diferentes. Como saben determinadas decisións precipitadas de última hora agravaron esta situación de conflitividade e de dificultades de xestión coa instauración da xornada



completa houbera ou non houbera horas de traballo. Ata ese momento os contratos facíanse en función das horas que había para atender o servizo.

O PP decidiu reverter a situación en canto finalizou a contrata. Volveron a municipalizar as cinco traballadoras do concello e completouse o traballo que non se podía facer con persoal propio con horas contratadas a unha empresa. Un sistema mixto de xestión.

Neste período fóronse igualando á alza os salarios das traballadoras. Catro cobran o mesmo e unha cun salario superior que vén consolidado dende atrás. A idea é acadar a igualdade retributiva das cinco traballadoras.

Constituíuse un sistema de compensación de horas a fin de que as traballadoras municipais puidesen realizar as horas de xornada completa pola que se lle pagaba.

Os cambios polo aumento importante do número de horas e pola xestión do servizo e da xustificación ante o organismo que o finanza da Xunta de Galicia, unido á necesidade de cobertura de baixas, fai inviable continuar con este sistema mixto de xestión como xa se falou nas comisións.

A traballadora social responsable do SAF vén informando destas dificultades de xestión ante a finalización da contrata actual. Emite un informe no que recomenda a “externalización” total do servizo. Isto supón subrogar na nova empresa adjudicataria as cinco persoas salvagardando os seus dereitos recollidos no convenio do persoal laboral do concello (salarios, xornada). Recolléronse para a elaboración do prego suxestións dos sindicatos e grupos políticos.

Existe unha recomendación técnica, pero é unha decisión política. O grupo de goberno adopta unha posición política respecto do modelo de xestión deste servizo.

En todo caso, di, sempre defenderemos a posición das traballadoras do SAF, tanto das subrogadas como das outras traballadoras.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE fala do informe que presentou a CIG que nos entregou hai unha hora e di que ten percorrido, que se pode ir mirando e entende que con isto enriba da mesa que contradí en tantos aspectos os informes da traballadora social. Isto cambia a nosa postura. Polo tanto, temos que solicitar o aprazamento deste punto ou mesmo convocar un pleno extraordinario porque o seu grupo quere un informe do secretario-interventor con respecto aos números que se presentan. Solicitan tamén que falta un estudo do que custaría xestionar o servizo todo dende o concello, é dicir, cunha traballadora social a maiores e evidentemente as traballadoras da empresa se subrogarían nas condicións que teñen para o concello. Non se fixo o estudo, hai números contraditorios e non temos que desconfiar da traballadora social nin dos datos do representante sindical das traballadoras. Polo tanto para discutir estes números creo que lle corresponde ao secretario-interventor facer un informe sobre este asunto para podermos posicionar.

O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA di que antes de entrar no fondo pide dúas cuestións. A primeira é pedir a nulidade da acta da comisión porque non responde en absoluto ao que foi a comisión nin se axusta aos distintos borradores que lle fixeron chegar. Non define nin describe o que foi a comisión e os documentos que se aportaron na comisión polo BNG-AA e previamente á comisión solicitando documentación dos servizos sociais. Di que non atopa resposta nin xustificación da necesidade de terxiversar deste xeito unha acta, polo que pido a nulidade da mesma.

A segunda cuestión é que non sei se a Presidencia e o secretario lle fixeron chegar, polo menos ao BNG-AA non, os documentos que estamos a debater e someter a votación.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Non podemos votar uns documentos que non recibimos e polo tanto temos que ausentarnos da votación.

A Presidencia contesta que tanto o PSdG-PSOE como o BNG-AA tivemos unha xunta de portavoces e tiveron o expediente 10,12 ou 15 días. O que se fixo chegar hoxe foi os documentos que tiñan variacións. Non cambian os artigos 4, 5 ou 7. Son os mesmos que estaban no expediente.

O Sr. Lema Mougán do PP di que como contestación ao PSdG-PSOE di que teñen plena confianza nos funcionarios e polo tanto dan por bos eses datos. Os datos que aportou agora a CIG son moi respectables, pero di que entenden que os datos que manexan os técnicos da casa e funcionarios son correctos, salvo algún erro ou eiva.

A Presidencia manifesta que “polo que puido ler no tema presentado pola CIG, hai xa un erro na contía total do prego. Xa prevé o incremento de horas, porque senón atopámonos co mesmo problema que teñen en Santiago; que non poden coller máis horas porque non están orzamentadas. O concello de Ames sácao agora e xa prevé un 20 % máis de horas, que despois poden estar ou non. A empresa adjudicataria só cobrará as horas que faga. Hai que prever un incremento das horas ao longo destes anos”.

O Sr. Lema Mougán do PP en contestación ao BNG-AA manifesta que non sabe se é válida ou non a acta da comisión. Iso dirallo o secretario.

Intervén o Secretario para manifestar: “todo isto, igual que as actas do pleno onde se recollen as intervencións, é unha cuestión un tanto subxectiva. Dende hai anos vense dicindo que a acta dun pleno non ten que recoller todas as intervencións. Non me importa recollelas o máis extenso posible, pero non é un diario de sesións. É unha acta para recoller acordos. Pode haber erros por parte de quen as transcribe, pero non é un diario de sesións.

Respecto á comisión informativa, di que volvemos ao mesmo. É unha cuestión de interpretación. Vostede pode non estar de acordo e respéctoo; o que non pode dicir é que está terxiversada. Iso non.

Entón, se hai que facer algunha modificación para que se pasen a aprobación, pódese modificar ou corrixir, pero as actas están para valorar o fondo da cuestión. A acta pode estar mellor ou peor, nunca se escribe a gusto de todos, e ás veces hai cousas que un pensa que teñen que estar totalmente e a persoa que é técnica pensa que non teñen que entrar. É unha cuestión de valoracións. Continúa dicindo que por poñer cuestións nas actas, xa saben que non me importa, sempre e cando non sexan barbaridades. Agora, dicir que é unha terxiversación non me parece axeitado porque nunca as houbo. Estou disposto a que se modifique a acta, pero entendo que o contido fundamental da mesma é correcto”.

O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA di: “ Sr. Secretario, vostede é sabedor de que nos enviou aos distintos grupos políticos varios borradores da acta da comisión e ningún coincide coa lectura que vostede fixo agora no pleno?”

O Secretario di que non é consciente de cantos borradores se lle mandou a cada grupo. Por iso di que se hai algunha cuestión que corrixir ou matizar, non hai problema en corrixila, completar, etcétera. Pero unha cousa é que non se estea de acordo ou que haxa que corrixir calquera tipo de fallo e outra moi diferente é que se terxiverse.



O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA di: “Estamos de acordo en que á comisión o grupo de goberno presentou uns pregos sen ningún tipo de informe. O expediente constaba dos dous pregos máis unhas alegacións dos representantes sindicais e nada máis.

Por parte do BNG-AA presentáronse unhas emendas a eses pregos. No último borrador, a petición nosa, constaban recollidos eses documentos como presentados e asía constaban recollidos na acta. Agora iso desapareceu. A presentación deses documentos desa emenda foi o que motivou o adiamento do pleno e a apertura dun prazo para negociar sobre esas emendas. E o xoves reunímonos para negociar sobre iso, e resulta que da negociación desas emendas o grupo de goberno emenda a súa proposta, cando non tiña presentado emendas. Porque sabemos que se alterou o prezo do que estaba previsto inicialmente do que consta no prego que foi á comisión. Polo tanto entendo que todo o que estea fóra das emendas e que foi o que se acordou a debater na comisión non procede. E máximo cando chegamos a día de hoxe e o noso grupo non ten coñecemento de cal é o texto íntegro dos pregos que estamos aquí a debater e queren someter a votación.

A Presidencia di que o xoves á mañá estivéronse negociando os tres grupos unha serie de emendas que presentara o BNG-AA e que en tanto en canto, modificaban o prego orixinal, mandouse hoxe pola mañá para que se vira o acordo que quedaba reflectido aí. En calquera caso, estanse aprobando os pregos das cláusulas administrativas, despois hai outra serie de documentación que se ten que ir completando á hora de sacar o concurso, como por exemplo o tema das cinco traballadoras do concello. Preténdese que quede reflectido a subida salarial do ano pasado así como o obxectivo que está previsto para que despois non xurdan problemas.

O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA pregunta: “A vostede parécelle o xeito de tratar de aprobar o contrato administrativo do concello máis grande, que son 400.000 € ao ano que é o 10% do orzamento municipal? Chegamos ao día da comisión cun copia/pega que pola mañá aínda estaban traducindo o expediente cun copia/pega que viña doutro lado e chegamos ao día do pleno en non temos sequera o documento íntegro?”

O Sr. Lema Mougán do PP di: “Vostedes nesta cuestión teñen unha posición política, moi respectable, entendo que queiran desgastar o grupo de goberno. Recórdolles que en concellos onde vostedes gobernaron, Teo con En Marea está externalizado, Santiago o mesmo, Vimianzo co BNG-AA, teñen unha situación calcada á nosa, e está externalizado. Entendo que na súa ideoloxía política entran as ideas de servizo de xestión pública, pero neste caso, ese é un servizo no que o concello ten que valorar moito a carga de persoal que se fai, porque é un servizo que teñen delegado nos concellos a comunidade autónoma, e non sabemos se dentro duns anos se fará cargo del. Temos a responsabilidade como grupo de goberno de darlle á cidadanía o mellor servizo posible e ao mellor prezo, e iso é o que pretendemos.

Os informes técnicos dos funcionarios do concello así nolo indican e con eses cartos vains permitir atender a máis cidadáns que ao mellor agora non teñen acceso ao servizo.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE manifesta que eles tamén teñen confianza nos técnicos do concello, pero que un contrato destas características nun servizo complexo



como este, pensan que tal e como está é a peor maneira de xestionalo. Nós queremos ou todo fóra ou todo dentro, porque pensamos no colapso que manifesta o técnico responsable do servizo en distintos momentos puntuais e dificultades na prestación por estalo facendo así. Non desconfiamos de ningún técnico, pero creo que nun contrato destas características, o informe do secretario é importante porque entendemos que ten outra validez.

A CIG fala de impugnar o acordo que se pode levar hoxe adiante, que pode retrasar aínda mais a concesión do servizo. Ao mellor e conveniente esperar 15 días e saber o que se vota, antes de que poidan impugnar isto e nos traia máis problemas dos que se pretenden solucionar.

O Sr. Lema Mougán do PP di que descoñece se é preceptivo o informe do secretario-interventor para sacara adiante estes pregos desta contratación.

O secretario di que preceptivo non é.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que eles non gobernan en Santiago, Teo, Vimianzo.

Continúa dicindo que o grupo de goberno ten enriba da mesa un informe da CIG que indica que os datos económicos que aportan son falsos; é necesario un informe de tesourería polo importe total sobre o que están vostedes traballando. Dito informe non existe.

Son conscientes de que é moi probable unha impugnación e que é posible que prospere?. Non será mellor aprazalo e estudalo con calma?

O intento de impugnación acontecerá, e se iso pasa teñen que iniciar o proceso dende cero. Un aprazamento supónlles tempo gañado.

O Secretario di que el pódelle informar sobre cuestións de legalidade non de oportunidade. Como secretario, profesionalmente ten que intentar que se aprobe, pero non ten interese en aprobalo agora, nin máis tarde nin antes.

E di que só trae a pleno unha cuestión que está correcta para que se aprobe, pero a decisión non é súa.

O Sr. Lema Mougán do PP di: “O secretario díxoo ben claro. Entende que está correcta para a súa aprobación polo pleno. Xa houbo un aprazamento, xa tiña que ter sido no pleno anterior. Deixámolo para hoxe para recoller as alegacións e o próximo día virían con outra historia.

Teño a plena confianza de que o procedemento é correcto porque os informes técnicos así o din. E se é correcto nós temos a necesidade de sacar esa contratación porque vai expirar o contrato anterior, este vai ter un tempo d tramitación e canto antes se faga mellor.”

O Secretario di que o vixente contrato remata en febreiro. A partires de aí estamos desenvolvendo un servizo sen respaldo legal. Fíxose por seis meses para tramitar este procedemento e acábase en febreiro.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que era unha cuestión de sensatez non de política. Di que non votaran. Sairán fóra cando se vote. Tamén que tiñan pensado votar non porque non se recollen as anulacións da tramitación dos traballadores que lle presentamos e solicitamos.



Constitúe en si mesmo unha inxustiza porque mentres que a traballadora social e as traballadoras que pretenden externalizar son parte da estrutura municipal, na súa lexislatura uns externalízanse e outros funcionarízanse. Continúa dicindo que estes traballadores fan un traballo especializado. Calquera oficial que desenvolva un traballo especializado cobra máis de 22 € en calquera sitio. E se resulta que a consecuencia das súas políticas polas que a idade media deste concello aumenta e trae como consecuencia que necesitamos traballadores para coidar os maiores, e se resulta que eses traballadores son o enlace lóxico entre a administración e eles, que son os seus votantes, e vostedes depauperan o seu traballo e o servizo. Externalicen vostedes tamén a traballadora social. Todo. Non só o que lles causa problemas.

Fagan o que queiran. Teñen unha ameaza de impugnación sobre a mesa. Nós imos para fóra e cando vostedes voten entraremos.

A Presidencia di que o tempo vai xogar a favor ou en contra de todos. A intención é mellorar o servizo, chegar a máis usuarios e mellorar outras funcionalidades dos servizos sociais.

Neste momento auséntanse os dous concelleiros do BNG-AA.

Posto a votación o prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a adxudicación do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar (SAF) apróbase con sete votos a favor do PP e catro abstencións do PSdG-PSOE.

Neste momento retírase do pleno o Sr. Barreiro Gómez do PSdG-PSOE.

5º.- Acordo sobre moción do BNG-AA Vedra para a imposición dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos.

Incorpóranse de novo os membros do grupo do BNG-AA.

Dáse conta da moción presentada polo BNG-A.A. Vedra na que se expón que o Tribunal Supremo vén de avalar en diversas sentenzas que os concellos graven ás empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos pola utilización do dominio público local cun cálculo que excede o valor catastral dos terreos e que inclúe a súa utilidade.

A Lei Reguladora das Facendas Locais estableceu no 2004 que as empresas eléctricas, de gas, de auga e hidrocarburos están obrigadas a pagar unha taxa fixada por un informe técnico-económico por atravesar o dominio público local, aínda que non os subministren.

Fronte á pretensión de anulación de diversas ordenanzas municipais que fixaron unha taxa específica con ese obxecto, emitíronse de momento cinco sentenzas que sentan doutrina dando a razón aos concellos e pechan un longo enfrontamento entre municipios e compañías, sobre todo eléctricas, que se negaban a pagar estas taxas. As propias sentenzas avalan o cálculo das tarifas da taxa de acordo cun estudo técnico-económico onde se empregan criterios para obter o seu valor, a suma do valor catastral do solo rústico con construcións co valor das instalacións, constituíndo a base impoñible o resultado de multiplicar ese valor do inmovible co coeficiente de relación co mercado e a ocupación en metro cadrado que corresponde a cada metros lineal. Así a cota a pagar



sitúase entre 3.000-12.000 euros por metro lineal no caso das eléctricas, e no que atinxe ás de gas oscila entre 500-4.000 euros

Nas citadas sentenza aclárase expresamente que é legal a pretensión dos concellos de gravar a utilidade que lle reporta ás empresas de enerxía, gas ou hidrocarburos a utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo que forma parte do dominio público, con exclusión doutros usos, para unha actividade netamente industrial consistente en transportar e distribuír enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos, polo que resolta a controversia xudicial propón:

Iniciar os estudos e xestións necesarias para a actualización, tramitación e aprobación, a través da modificación da correspondente ordenanza fiscal reguladora, dunha taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público local polas empresas titulares de instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas ou hidrocarburos nos termos das sentenzas do Tribunal Supremo que así o avalan.

A Comisión de Economía e Especial de Contas informa favorablemente a citada proposta

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que hai sentenzas do Tribunal Superior que recoñecen o dereito dos concellos a cobrar polo transporte de enerxía eléctrica, gas e hidrocarburos dos pasos que acontecen no ámbito municipal da mesma maneira que pagan as autopistas.

Xunto á moción presentou unha publicación do BOP do concello de Arteixo, gobernado polo PP, no que aprobaron unha ordenanza dunha taxa fiscal de ocupación do subsolo, solo e voo de terreos de uso público, onde se fai algo do que poderíamos facer en Vedra, independentemente de que xa exista algunha taxa a algunha das empresas. Solicita a aprobación desta moción para iniciar os estudos e se investigue se é posible ou non e en que condicións.

A Presidencia di que están de acordo e que sabían neste caso que as empresas eléctricas están pagando esta taxa, en concreto Gas Natural Fenosa, cunha ordenanza da lexislatura de Odón Cobas. Hai que ver se isto é unha cuestión a maiores e parécelles razoable e bo e van votar a favor.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que na reunión previa insistía en que o acordo debe ser para iniciar os estudos e xestións necesarias para a actualización e aprobación, se procede, a través da actual ordenanza fiscal reguladora, porque se está cobrando en base a unha porcentaxe á facturación que fan ás empresas neste concello. Non sabe se o máis conveniente para nós é establecer unha taxa en función doutros parámetros ou revisar a actual.

Posta a votación apróbase por unanimidade dos asistentes.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre as propiedades do concello nos cemiterios do concello a Presidencia responde que existen dúas propiedades. Unha en Ponte Ulla, que é o chan onde se fixo a ampliación do cemiterio, aínda que hai un acordo plenario par transmitirllo á asociación de veciños.



Hai unha segunda en Vilanova, que é unha parte da ampliación do cemiterio que está feita sobre unha finca do concello. Os representantes da parroquia prefiren que siga sendo de titularidade municipal.

Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre a nova aparecida no xornal La Voz de Galicia, di que son datos correctos, tanto en canto falan dos importes pendentes en marzo e en setembro. Dinlle en tesourería que é normal porque neste caso, no terceiro e cuarto trimestre é cando soen vir a maior parte da facturación das obras. Non hai máis facturas, o importe é maior porque fan referencia ás obras. O período medio de pago era inferior no terceiro trimestre ca no primeiro e segundo.

Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE a Presidencia contesta:

1.- Sobre a aprobación dos orzamentos di que espera ter o borrador para pasarllos e negociar en febreiro e poder levalos ao pleno de marzo para a súa aprobación.

2.- Sobre do gasto do camiño de Pousada di que o gasto en materiais é arredor de 11.000 € e foi feito pola brigada de obras propia do concello. Este camiño xurde a raíz dunha petición dos veciños da zona. É un camiño de carácter tradicional e polos seus valores tradicionais e etnográficos fálase cos servizos técnicos municipais para ver como acometer as obras.

Dá lectura ao informe técnico.

“A lo largo del año 2015 se acometen en Pousada (Vedra) las obras de arreglo de un camino de carácter tradicional que por sus valores tradicionales y etnográficos se ha tratado con especial atención. Era objeto de este proyecto no sólo resolver los problemas manifestados por los vecinos sino aprovechando la circunstancia asentar una especie de metodología de actuación para estos casos.

Lamentablemente muchos de los rincones con encanto del Concello van desapareciendo fruto de concentraciones parcelarias y obras de adecuación de todo tipo tanto públicas como privadas. No sólo casas y hórreos, también los muros, cierres e incluso parras y demás elementos que configuran los núcleos están sometidos a protección a través de la ley recientemente actualizada, hablamos de la Ley 5/2016, de 4 de mayo, del patrimonio cultural de Galicia.

De todos estos elementos tal vez los caminos son los más difíciles de proteger por ser elementos de paso, raras veces figuran en los catálogos de planes generales como elemento aislado sino es dentro de un conjunto. Sin embargo un camino puede por si mismo ser objeto de protección y cuidado. De la calidad ambiental del mismo pueden verse beneficiados todos los vecinos de una aldea o parroquia. Estos valores fueron los observados en el camino de Pousada a que hace referencia este informe.

Metodología.

1. Análisis de patologías o problemas derivados del uso y topografía. Por su situación en trinchera parte del camino estaba anegado en épocas de invierno, no presentaba un buen drenaje y durante meses se hacía impracticable.

2. Las corrientes de agua incluso superficial que se observaban y que fueron alertadas por los vecinos afectaban a las casas que hacen linde con el propio camino. Las humedades ya eran cada vez más frecuentes.



3. La maleza y la falta de cuidado empezaba también a ser un problema y ya nadie transitaba por el camino durante largos periodos de tiempo (especialmente en invierno-otoño).

Analizados estos problemas se propone una actuación que mantendrá las alineaciones consolidadas a partir de muros y cierres tradicionales. Se propone una red de drenaje y en paralelo otra de saneamiento que conecta las viviendas.

Al mismo tiempo se mantienen las líneas existentes tanto de abastecimiento como mangueras de riego.

Toda esta fase se realiza con la participación de los vecinos afectados para evitar modificaciones en obra. Se determinan el número de conexiones y también un número de rejillas a modo de registros a lo largo del camino.

La sección general se basa en un camino continuo de 80 cm de ancho bajo el que discurren las canalizaciones. Se remata en un despiece de piedra de granito que también oculta las tapas de las arquetas. De este camino continuo que hace de columna vertebral salen las diferentes conexiones particulares de cada vecino, estas conexiones se realizan con adoquín generando pequeños ámbitos. Los laterales siempre más difíciles de rematar por cuestiones obvias de las geometrías del contorno se dejan en hierba con una media caña para la recogida y filtrado del agua de lluvia.

En la actualidad queda pendiente un seguimiento de la jardinería una vez crezca el césped y también un estudio de la sustitución del emparrado que también forma parte del valor del camino.

Fruto de la actuación se observa una mejoría y aumento del uso, se acuerda un uso eminentemente peatonal y también una mejoría en el carácter general de las edificaciones pues varios vecinos concienciados con el valor etnográfico de las edificaciones han iniciado obras de limpieza y sustitución de elementos deteriorados, muros, portalones, dinteles de piedra, etc...

Esperemos que este tipo de actuaciones sirvan no sólo como medida de mejora de los accesos en los núcleos sino como medio de concienciación general de los valores a proteger.”

Converteuse nunha maneira de que sexa un exemplo de como debemos realizar eses camiños. Está claro que non podemos rehabilitar así todos os camiños deste tipo que existen no concello. Gastouse máis do que se tiña pensado nese camiño. Temos que buscar un punto intermedio entre a conservación dese tipo de camiños e o custe para facelo.

3.- Sobre das xestións co concello de Santiago sobre o tramo da estrada San Xián-Santiago di que o fixeron por escrito e que insistirán verbalmente ao concello de Santiago.

4.- Sobre da resolución da alcaldía para realizar a apertura dun oco na estación de Santa Cruz de Ribadulla á empresa Roberto Vales, que era unha obra dentro do proxecto da nave de Santa Cruz de Ribadulla que non podía realizar o módulo correspondente do obradoiro de emprego e que era necesaria e imprescindible para que continuaran os traballos de carpintería.

Ás preguntas do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA a Presidencia contesta:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



- 1.- Sobre a publicación dos contratos do concello na páxina web seguindo a Lei de Transparencia di que o portal de transparencia esta feito pola Deputación e estamos en fase de ir metendo os contidos pouco a pouco. O concello cumprirá a Lei de Transparencia como non pode ser doutro xeito.
- 2.- Sobre do convenio con Augas de Galicia, di que no que corresponde ás competencias municipais será o departamento de urbanismo.
- 3.- Sobre o peche de Sarandón, di que si hai un convenio entre concello e propietarios e si é un peche privado a cambio da cesión dos terreos.
- 4.- Sobre a segunda fase dos traballos de documentación do arquivo municipal, di que a día de hoxe non están no calendario do grupo de goberno.

7º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

- 1.- Consultado o expediente dos asuntos que viñeron hoxe a pleno, vemos que hai algunhas facturas para pagar o servizo de taxi que se presta a veciños de Santa Cruz para vir ao médico a Vedra, pero ningunha para os de San Xián que tamén se viron afectados polo peche do consultorio que había alí. Ofréceselles este servizo a estes veciños?
 - 2.- Temos constancia da queixa dun veciño de San Miguel de Sarandón (Sarandón,37) porque solicitaron activar un punto de luz diante da súa casa e non se atendeu a súa petición porque non estaban empadroados no concello. É isto así? Aplícase esta medida a todos? É unha medida que tomaron vostedes?. Recórdolles que estean ou non empadroados pagan impostos no concello (IBI, recollida de lixo, etcétera)
 - 3.- Na acta da Xunta de Goberno do 13/12/2016 hai unha resolución da alcaldía coa aprobación da factura 2/2016 de Celia Alegre pero non consta o importe; cando a anterior factura viña na aprobación de facturas e non en resolución da alcaldía. Cal é o importe e por que o cambio de plasmala de diferente xeito?
 - 4.- Quero deixar constancia Sr. Secretario que este debe ser un dos poucos plenos nos que o noso grupo fai alegacións. Algo pasa coa redacción das actas, así como para facérnolas chegar. Na última Xunta de Goberno, que por certo non se enviou aos concelleiros, hai unha aprobación e posterior adjudicación da obra da pista polideportiva a Equipalia S.L. A canto ascende a obra?
 - 5.- Na mesma Xunta de Goberno aparece un decreto (nº 606) de data do 30/12/2016 de aprobación de facturas do 2016. A que facturas se refire?
 - 6.- A última hora soubemos dun convenio que asinou o concello de Vedra e Lalín para crear bolsas de vivendas sociais con inmobles desocupados. Cando comeza o prazo para adscribirse? Para quen será? Teñen deseñado un proxecto?
- A Presidencia di que é o programa de vivendas baleiras e que se segue o procedemento marcado pola Xunta de Galicia. Había que asinar ese protocolo e agora hai que aprobar o modelo de orde que eles mandan e a partir dese momento é cando a xente se inscribe. É voluntario e son os propietarios das vivendas os que se inscriben. Supón unha vantaxe grande porque se lles garante con seguros o cobro da renda así como posibles danos que teñan as vivendas. Estableceranse as prioridades sociais.



Dona Beatriz Amenal PSdG-PSOE pregunta se vai ser para os veciños de Vedra. A Presidencia di que si. No caso de que non haxa demanda no concello é se a houbese doutros e hai vivendas baleiras, imaxina que poderán acceder doutros concellos.

--O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE pregunta:

1.- Como vai o tema do asfaltado da pista da saída da gardería? Como empece a chover vai estar intransitable. Propoño esa pista para meter no programa POS plus.

2.- Que está a pasar coa pista do pavillón porque hai problemas cos rapaces de patinaxe. Que verniz ten por arriba porque non dan patinado? Pódese solucionar ou hai que buscar alternativas?

3.- Para solucionar o problema de humidades do pavillón era poñer un sistema de calefacción. Púxose?. A Presidencia di que non se puxo.

4.- Fago fincapé en implantar os vídeos dos plenos en Youtube. Se queren ser un concello con transparencia, un dos puntos clave é que os plenos cheguen a todos os veciños e esta sería unha boa solución. Teñen algo previsto?

A Presidencia contesta que non.

O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE di que se seguen dando largas presentará unha moción.

5.- Na forma de redactar as actas non hai estilos. Hai modelos. Supoño que haberá un modelo oficial e haberá que redactar dunha maneira que se adecúe a ese modelo.

O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA pregunta:

1.- Ten previsto o concello solicitar da Deputación de A Coruña unha subvención para crear un servizo de normalización lingüística xa que foron convocadas axudas para este fin?

2.- Cónstanos que o concello solicitou unha axuda á Deputación de 55.000 € para a compra de dous vehículos. Cal é o orzamento total previsto? Cal é o parque móbil municipal?

3.- Por alusións, na acta da comisión de economía de decembro, xa que me considero culpable de parte do retraso, porque é culpa miña a extensión da acta, parte dela xa lla dei redactada nun documento e en Word.

O Sr. Secretario di que nunca falei diso. Agradezo que se pase por escrito. Para nada hai un retraso debido á presentación do documento. Ao igual ca no pleno, hai un expediente e non se perde nada, aínda que sexa escrito a man. Está todo no expediente.

O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA di que se solicitou un informe ao Sr. Secretario dun dos puntos. O 23 de xaneiro no relativo ao SAF para consultar na comisión correspondente, solicitamos un expediente, memoria ou informe de avaliación da calidade da prestación do SAF nos últimos 5 anos; unha comparativa dos resultados dos servizos prestados de xeito externalizado ou con prestación propia; unha memoria de incidencias, unha avaliación da situación laboral das traballadoras do servizo externalizado e sobre da existencia de situacións laborais, que sen poñer en dúbida a profesionalidade das traballadoras puideran prexudicar a calidade do servizo e que interesaba un período de avaliación suficientemente extenso (5 anos) durante o cal participaron diferentes empresas e para ver eses parámetros.

Tamén solicitaba os informes ou datos extraídos do SIUS, relativo ás citas e número de persoas atendidas diferenciados por problemática nos últimos 5 anos, loxicamente sen datos de carácter persoal.

Este informe non foi aportado á comisión. Nun dos borradores da acta si constaba a petición desta documentación. Na acta que se leu aquí, que é a que eu solicitei a



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



nulidade, entre outras cousas, non consta esta petición e reitero a petición desta documentación.

4.- Asunto relativo a unha contratación do concello, pola cal se pagou 4.300 € por unha aplicación móbil do concello, na cal 2 anos despois da súa dispoñibilidade, andaba pola ducia de descargas (máis de 10 e menos de 20). Non é unha aplicación, é unha web que está sen actualizar dende a súa creación. Recibiuse subvención para este traballo?

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta:

1.- En relación á Escola de música de Vedra. Existen débedas pendentes con eles e cal é a contía?

2.- Sobre a oficina de Correos solicitamos que revisen a situación da mesma. Parece que desaparece en breve. De feito parece que teñen xa sitio feito en Santiago. Iso suporía pasar a unha situación peor que a que existe no verán. Houbo un compromiso específico seu de que a oficina non se movía de Vedra.

A Presidencia contéstalle que Correos lle dixo, que con independencia dos traballadores, que a oficina non se movía.

3.- En relación ao camiño de Pousada quero que lle diga a Fermín que o camiño do burgo en Marzán por diante da casa de Gaiteiro e Maceira está recollido en documentos históricos, cando menos, do S. XVI. No actual PXOM obrígase a retranquear contra a alínea 6 m. a cada lado, o que suporía a destrución absoluta de parte do patrimonio. Xa que están exquisitos, coiden todo Marzán.

A Presidencia di que o outro día tiveron unha reunión coa Dirección Xeral de Patrimonio para comentar estes temas. Eles apoian o que nós mandemos en canto ás modificación deste tipo e alineacións e comentamos estes casos concretos. Hai núcleos tradicionais nalgunhas parroquias que creo que era conveniente conservar.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que está ben que recoñezan que hai un problema. O PXOM nese sentido está moi mal construído.

4.- En relación á pavimentación da estación de Santa Cruz. Cal é a característica medio ambiental que rodea esta obra para merecer un financiamento específico da consellería do ramo?

5.- Non consideran que se cadra esta incidencia e este celo coa parroquia de Santa Cruz non será excesivo, sobre todo comparando co resto de parroquias?

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos.